



## **HUNGRÍA: autorización dos importes da compensación económica a percibir por MIMO na intermediación de expedientes de adopción e do novo modelo de contrato**

Mediante a resolución de 27 de marzo de 2018, a directora xeral de Familia e Inclusión aprobou os novos importes que o O.A.A.I. MIMO está autorizado a percibir das persoas que se ofrecen para a adopción internacional pola intermediación con Hungría.

O importe total da compensación económica que poderá percibir a dita entidade ascende a un total de 16.915,63 €, segundo a seguinte distribución.

### **GASTOS INDIRECTOS: 11.345,63 €**

#### **En España: 10.945,63 €**

##### **a) Gastos de funcionamento:**

1. Gastos de persoal: 7.612,50 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 1.356,25 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros: 1.155,00 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros, financeiros: 821,88 €

##### **b) Formación e acoplamento: 0,00 €**

#### **No país de orixe do/da menor: 400.00 €**

1. Gastos de representación e outro persoal do O.A.A.I. no país de orixe do/da menor: 71,43 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina do O.A.A.I. :178,57 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros : 135,71 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros, financeiros: 14,29 €
5. Achegas a proxectos de axuda social, de cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0,00€

### **GASTOS DIRECTOS: 5.570,00 €**

#### **En España: 450 €**

1. Xestión de documentos: 0.00 €
2. Gastos de legalización e autenticación.
3. Gastos de tradución: 0.00 €
4. Gastos en mensaxería e correos: 450.00 €
5. Taxas: 0,00 €
6. Seguimientos post-adoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 0.00 €

#### **No país de orixe do/da menor: 5.120,00 €**

Traducións xuradas, legalizacións, intérprete/tradutor simultáneo, acompañamento no proceso de dous asesores para axuda á formación de vínculo, asistencia a xuízo, transportes e aloxamento.